


CONSUELO FERREIRO REGUEIRO, SECRETARIA XERAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,

CERTIFICA, antes da aprobación da acta correspondente, que no Consello de Goberno celebrado o 30 de setembro de 2014 aprobouse a modificación do Regulamento do Título propio de Diploma Superior en Criminoloxía, nos termos do documento adxunto.

O que certifica, para que surtan os efectos oportunos, en Santiago de Compostela, o 20 de outubro de dous mil catorce, co visto e praxe do sr. reitor.

Vº e praxe

O reitor

  
Juan M. Viaño Rey





## PROPOSTA

### MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DO TÍTULO PROPIO DE DIPLOMA SUPERIOR EN CRIMINOLOXÍA

O Regulamento do Título de Diploma Superior en Criminoloxía, aprobado por Acordo do Consello de Goberno do 20 de xuño de 2005, configurou os estudos de forma que fosen equiparables no posible aos estudos oficiais vixentes nese momento e adaptables aos futuros estudos oficiais do Espazo Europeo de Educación Superior de Grado coas mínimas modificacións necesarias.

Con este obxectivo, o artigo 4 do citado regulamento sobre admisión e continuación nos devanditos estudos establecía que para iniciar estudos o Título propio é necesario ter superadas as probas de selectividade ou de acceso á universidade para maiores de 25 anos, requisitos que se esixían tamén con carácter xeral para o acceso a calquera titulación oficial.

Desde a implantación do Título propio e a aprobación do Regulamento modificáronse substancialmente as condicións e requisitos de acceso á Universidade. Neste sentido, coa recente Lei para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE, Lei Orgánica 8/2013 de 9 de decembro) suprímense as probas de acceso á Universidade (PAU).

A lexislación actual establece que poderán acceder á universidade os alumnos con título de Bacharel ou título ou estudos equivalentes, e os Títulos de Técnico Superior de Formación Profesional, de Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño, ou de Técnico Deportivo Superior.

Doutra banda, a extinción dos plans de estudos anteriores ao EEES impón que debe variarse a libre elección por non poderse ofertar materias dos plans extintos. Deste xeito procede que se oferte aos alumnos as materias dos estudos de Grao actuais para que poidan cursar as materias libre elección coas excepcións derivadas daquelas materias que teñan contido semellante as que se imparten na titulación .

É por todo o exposto que o Consello de Goberno, na súa sesión do 30 de setembro de 2014,

## **ACORDA**

**PRIMEIRO.-** Modifícase o art. 4 do Regulamento do Título propio de Diploma Superior en Criminoloxía que quedará redactado: “Poderán acceder aos estudos conducentes ao Diploma Superior en Criminoloxía os alumnos que reúnan os requisitos legais para acceder a calquera titulación de Grao”.

**SEGUNDO.-** Os alumnos matriculados nos estudos conducentes ao Diploma Superior en Criminoloxía poderán cursar, como materias de libre elección esixidas no seu plan de estudo, as materias ofertadas nos estudos de Grao excepto as materias que se engaden como anexo ao presente acordo ou aquelas outras que a proposta do Instituto de Criminoloxía, se acorden por Resolución Reitoral.

Dado que todas as materias están sometidas a límite de prazas e nalgunhas os contidos esixen unha formación previa específica, será preciso o informe favorable do centro correspondente para a matrícula dos alumnos do Diploma Superior en Criminoloxía.

No non disposto neste acordo e que sexa aplicable serán de aplicación as normas que rexían o procedemento de matrícula en materias de libre elección e, en concreto as normas referentes á confección de actas, liquidación de prezos, etc.

**TERCEIRO.-** A Secretaría Xeral ditará as instrucións que sexan necesarias para a aplicación do disposto neste acordo.

materias excluidas para a libre elección dos títulos propios de Diplomado Superior en Criminoloxía e Graduado en Ciencias Criminolóxicas e da Seguridade Pública

Grao	codigo	nome materia
Bioloxía	G1021107	Bioestatística
Química	G1041105	Estatística Aplicada e Informática para Químicos
Psicoloxía	G2011101	Historia da Psicoloxía
	G2011103	Fundamentos biolóxicos da conduta
	G2011105	Motivación, emoción e condicionamento
	G2011107	Deseños de Investigación en Psicoloxía
	G2011108	Psicoloxía social
	G2011109	Psicoloxía do desenvolvemento I
	G2011110	Psicoloxía da personalidade
	G2011221	Percepción e atención
	G2011222	Psicoloxía da memoria
	G2011223	Aprendizaxe
	G2011227	Psicoloxía do pensamento
	G2011228	Psicoloxía da linguaxe
	G2011230	Psicoloxía do desenvolvemento II
	G2011232	Avaliación psicolóxica I
	G2011321	Avaliación psicolóxica II
	G2011324	Tratamentos psicolóxicos I
	G2011329	Psicopatoloxía II
	G2011330	Tratamentos Psicolóxicos II
	G2011450	Intervención e prevención en contextos de violencia
Enfermaría - Santiago	G2021103	Estatística e Metodoloxía da Investigación
Enfermaría - Lugo	G2031103	Estatística e Metodoloxía da Investigación
Medicina	G2051107	Embrioloxía Humana
	G2051425	Psiquiatría
	G2051530	Medicina Legal
Farmacía	G2081101	Matemáticas e Estatística I
	G2081105	Matemáticas e Estatística II
Ciencia Política e da Administración	G3011102	Socioloxía
	G3011105	Estatística para as Ciencias Sociais (I)
	G3011106	Ciencia Política I : Actores
	G3011121	Ciencia Política II: Institucións
	G3011228	Estatística para as ciencias sociais (II)
Xornalismo	G3031201	Estatística Aplicada á Comunicación
Comunicación Audiovisual	G3041203	Estatística aplicada á comunicación audiovisual
Economía	G3061103	Estatística Económica I
	G3061224	Estatística Económica II
	G3061229	Socioloxía
Administración e Dirección de Empresas - Sant	G3071110	Estatística Empresarial I
		Metodoloxía de Investigación en Ciencias Sociais e da Educación
Pedagogía	G3081102	
	G3081108	Psicoloxía do Desenvolvemento
	G3081448	Pedagogía Penitenciaria

Educación Social	G3091101	Antropoloxía da Educación
	G3091103	Metodoloxía de Investigación en Ciencias Sociais e da Educación
	G3091105	Psicoloxía do Desenvolvemento
	G3091341	Educación e Mediación nos Procesos de Inclusión social
	G3091342	Acción Socioeducativa con Minorías e Colectivos Vulnerables
Administración e Dirección de Empresas - Lugo	G3101110	Estatística Empresarial I
	G3101224	Estatística Empresarial II
Mestre Ed. Infantil - Stgo.	G3121103	Psicoloxía do Desenvolvemento (0-3 anos)
	G3121106	Psicoloxía do Desenvolvemento (3-6 anos)
Mestre Ed. Infantil - Lugo	G3131103	Psicoloxía do Desenvolvemento (0-3 anos)
	G3131106	Psicoloxía do Desenvolvemento (3-6 anos)
Mestre Ed. Primaria - Stgo.	G3141106	Psicoloxía do Desenvolvemento (6-12 anos)
Mestre Ed. Primaria - Lugo	G3151106	Psicoloxía do Desenvolvemento (6-12 anos)
Dereito	G3161101	Dereito Constitucional I: Definición do Estado e Sistemas de Fontes
	G3161106	Dereito Constitucional I : Órganos do Estado Democrático
	G3161221	Dereito Penal - Parte Xeral
	G3161222	Dereito Constitucional II - Os Dereitos e as Liberdades e a súa Protección
	G3161325	Dereito Penal, parte especial - Delitos contra a Persoa e contra o Patrimonio
	G3161326	Organización Xudicial e Proceso
	G3161329	Dereito Penal, parte especial - Delitos contra a Orde Socioeconómica e contra a Comunidade
	G3161330	Dereito Procesual Penal
	G3161441	Criminoloxía
	G3161454	Medicina Legal
Traballo Social	G3171101	Socioloxía Xeral
Xestión de Pequenas e Medias Empresas (Lugo)	G3181105	Estatística empresarial I
Enx. Informática	G4011107	Estatística
	G4021106	Estatística
Enx. Procesos Químicos Industriais - Lugo	G4031109	Métodos Estatísticos
Enx. Agrícola e do MR (en extinción)	G4061104	Estatística
Enx. Forestal e do Medio Natural	G4071104	Estatística
Enx. Industrias Agroalimentarias (en extinción)	G4081104	Estatística
Enx. Agrícola e Agroalimentaria (implantado 2014-15)	G4091101	Estatística